

MANUEL ENRIQUE CHAÍN FERNÁNDEZ, CONCELEIRO-SECRETARIO EN FUNCIÓNS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO,

CERTIFICO: Que a Xunta de Goberno Local en sesión **ORDINARIA** celebrada o día vinte e dous de outubro de dous mil catorce, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

16/764 CONTRATACIÓN DUN SERVIZO DE CONTROL DA CALIDADE DA AUGA DE CONSUMO HUMANO DO ABASTECIMENTO DE LUGO E CONTROL SANITARIO DAS FONTES PÚBLICAS NON CONECTADAS Á REDE DE ABASTECIMENTO 2014. APROBACIÓN DOS PREGOS DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS E DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES, ASÍ COMO DO GASTO E A ADXUDICACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO. APERTURA DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN.- Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta do Xefe de Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento, do 13 de outubro de 2014 que, na súa parte expositiva, fai constar:

“ANTECEDENTES

- I.- Prego de condicións técnicas para a contratación do servizo de control da calidade da auga de consumo humano do abastecemento de Lugo e do control sanitario das fontes públicas non conectadas á rede de abastecemento elaborado pola farmacéutica municipal en data 16 de xullo de 2014
- II. Mandamento contable da Tesourería Municipal do 23 de xullo de 2014, no que se fai constar a existencia de consignación orzamentaria na aplicación 16100.22799 do vixente Orzamento Xeral por importe de 20.613,26 euros
- III. Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación de referencia redactado polo servizo de contratación do Concello con data 3 de setembro de 2014
- IV.- Mandamento contable de anulación do saldo de data 26 de setembro (RC/69786) por importe de 15.459,95 euros polo que o saldo de retención de crédito para un período de outubro a decembro de 2014 ascende a 5.153,65 euros.
- V.- Informe de fiscalización favorable da Intervención Municipal do 13 de outubro de 2014

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Real decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público.
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).

Código Seguro de verificación:FnSJUlKLMRa82qjo2nhSyA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	28/10/2014
	Manuel Enrique Chaín Fernández - TA Delegado Infraestruc. e Zona Rural		
ID. FIRMA	afirma.pro	FnSJUlKLMRa82qjo2nhSyA==	PÁGINA 1/24



FnSJUlKLMRa82qjo2nhSyA==

ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 14x530160764

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 22-10-2014

- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público.
- Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais (LPRL) e os seus regulamentos.
- Calquera outra disposición legal vixente que lles sexa de aplicación ás corporacións locais.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Primeira. Este contrato pode ser cualificado como un contrato de servizos, que segundo o artigo 10 do TRLCSP serían aqueles 'cuxo obxecto son prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas á obtención dun resultado distinto dunha obra ou dunha subministración'. O presente contrato ten por obxecto a prestación dun servizo de control da calidade da auga de consumo humano do abastecemento de Lugo e do control sanitario das fontes públicas non conectadas á rede de abastecemento.

Segunda. O prego de condicións elaborado para disciplinar a licitación e o contrato recolle as esixencias legais sinaladas e adáptase á normativa aplicable. Contén, con carácter xeral, os aspectos que son de contido obrigatorio, segundo o disposto nos artigos 131 do TRLCSP e 67.6 do RXLCAP, salvo os que non son procedentes tendo en conta a modalidade de contrato elixida.


O procedemento de adxudicación elixido é o aberto, previsto e regulado polos artigos 138, 157 e seguintes do TRLCSP. Os criterios de adxudicación recollidos na cláusula décimo segunda do prego respectan, a criterio deste servizo, os principios de obxectividade e proporcionalidade esixidos pola Lei xa que é unicamente o prezo.

Terceira.- Á vista do novo mandamento contable de anulación do saldo de data 26 de setembro (RC/ 69786) por importe de 15.459,95 euros polo que o saldo de retención de crédito para un período de outubro a decembro de 2014 ascendería a 5.153,65 euros, procede modificar a cláusula cuarta dos pregos de cláusulas administrativas relativa ó prezo do contrato así como o parte resolutive do informe proposta do servizo de contratación de data 4 de setembro de 2014 no relativo á aprobación do gasto.

Cuarta. En canto ó órgano municipal competente para aprobar o expediente da contratación de referencia, de acordo co disposto na disposición adicional segunda do texto refundido da Lei de contratos do sector público, á Xunta de Goberno Local correspóndelle "as contratacións e concesións, incluídas as de carácter plurianual."

A Xunta de Goberno Local, no uso das súas atribucións, con base na proposta do referido servizo conformada pola Ilma. Sra. Tenenta de Alcalde Delegada da área respectiva, e por unanimidade dos seguintes asistentes: Excmo. Sr. DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, Alcalde Presidente do Concello de Lugo (Grupo Municipal Socialista -GMS-); Ilmo. Sr. DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Urbanismo e Medio Ambiente (GMS); Ilmo. Sr. DON MANUEL ENRIQUE CHAÍN FERNÁNDEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Infraestruturas e Medio Rural (GMS); Ilma. Sra. DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Benestar Social e Igualdade (GMS); o Ilmo. Sr. DON

Código Seguro de verificación:FnSJULKLMRa82qjo2nhSyA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	28/10/2014
	Manuel Enrique Chaín Fernández - TA Delegado Infraestruc. e Zona Rural		
ID. FIRMA	afirma.pro	FnSJULKLMRa82qjo2nhSyA==	PÁGINA 2/24
			
FnSJULKLMRa82qjo2nhSyA==			

MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Servizos Xerais e Participación Cidadá (GMS); e a Ilma. Sra. DONA ROSANA RIELO ROZAS, Tenenta de Alcalde e suplente da responsable da Área de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación (GMS), **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar a CONTRATACIÓN DUN SERVIZO DE CONTROL DA CALIDADE DA AUGA DE CONSUMO HUMANO DO ABASTECIMENTO DE LUGO E CONTROL SANITARIO DAS FONTES PÚBLICAS NON CONECTADAS Á REDE DE ABASTECIMENTO 2014

SEGUNDO.- Aprobar os pregos de cláusulas administrativas particulares e o prego de condicións técnicas mínimas que rexerán na licitación de referencia que elaborados polo Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento, a continuación e literalmente se transcriben:

A) “PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁ NA CONTRATACION DUN SERVIZO DE CONTROL DA CALIDADE DA AUGA DE CONSUMO HUMANO DO ABASTECIMENTO DE LUGO E CONTROL SANITARIO DAS FONTES PÚBLICAS NON CONECTADAS Á REDE DE ABASTECIMENTO 2014

PRIMEIRA. OBXECTO DO CONTRATO

É obxecto deste contrato a prestación do servizo de control da calidade da auga de consumo humano para dar cumprimento á normativa vixente (RD140/2003 de 7 de febreiro) así como a realización do control sanitario das fontes públicas non conectadas á rede de abastecemento, todo elo de acordo co prego de condicións técnicas elaboradas pola farmaceutica municipal
CPV.- 74310000-5 Servizos técnicos de ensaio e análise
CNAE 2009: 71.20 Ensayos e análise técnicos


SEGUNDA. NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO.

Trátase dun contrato de servizos recollido e regulado no artigo 10 do TRLCSP que ten por obxecto a prestación do servizo de control da calidade da auga de consumo humano para dar cumprimento á normativa vixente (RD140/2003 de 7 de febreiro) así como a realización do control sanitario das fontes públicas non conectadas á rede de abastecemento, todo elo de acordo co prego de condicións técnicas elaboradas pola farmaceutica municipal

Para a lexislación aplicable, deberán terse en conta as seguintes disposicións:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

Código Seguro de verificación:FnSJU1KLMRa82qjo2nhSyA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	28/10/2014
	Manuel Enrique Chain Fernández - TA Delegado Infraestruc. e Zona Rural		
ID. FIRMA	afirma.pro	FnSJU1KLMRa82qjo2nhSyA==	PÁGINA 3/24
 FnSJU1KLMRa82qjo2nhSyA==			

ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 14x530160764

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 22-10-2014

- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).
- Real Decreto 817/2009 de 8 de maio polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007 de 30 de outubro de Contratos do Sector Público.
- Lei 31/1995 do 8 de novembro de prevención de riscos laborais (LPRL) e os seus regulamentos.
- Calquera outra disposición legal vixente que lle sexa de aplicación ás corporacións locais.

O órgano de contratación, conforme o disposto no artigo 210 do TRLCSP e dentro dos límites e con suxeición ós requisitos e efectos sinalados nese texto legal e no resto da lexislación vixente, ten as prerrogativas de interpretar o contrato administrativo, resolver as dúbidas que presente o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, acadar a súa resolución e determinar os seus efectos.

Expresamente faise constar que no caso de existir algunha discrepancia entre os pregos de prescricións técnicas (informe do servizo sobre condicións mínimas) e o previsto no presente prego de cláusulas administrativas, prevalecerá este último.

TERCEIRA. PRAZO DE EXECUCIÓN DO CONTRATO

A duración do contrato será de UN ANO a contar dende a data da formalización do contrato administrativo. O dito prazo será prorrogable por mutuo acordo das partes por outro período máximo anual, sen que a duración total do contrato, incluída a prórroga, poida exceder de DOUS ANOS.

Non obstante o anterior, no suposto de que antes de rematar este prazo entrase en funcionamento o novo sistema de xestión do ciclo de auga e se asumise os traballos obxecto deste contrato, este quedaría sen efecto.

A distribución das tomas de mostras da auga de abastecemento e a realización das correspondentes analíticas realizaránse repartidas proporcionalmente ao longo do tempo e sempre consensuada cos servizos técnicos do Concello e nos puntos establecidos por estes.

CUARTA. PREZO DO CONTRATO. VALOR ESTIMADO

4.1.- O prezo de licitación ascende a 20.613,26 euros ó que sumado o IVE (21%) – 4.328,78 euros – polo que o prezo total é de 24.942,04 euros para a primeira anualidade

Para a determinación deste prezo total anual do servizo tense en conta o número de analíticas e controis que se estiman realizar e que se sinalan nos pregos de prescricións técnicas e os seguintes prezos máximos unitarios para cada tipo de análise:

Para o control da auda de abastecemento (prezos unitarios sen IVE)

Análises completo..... 465,87 euros sen IVE

Análises de control.... 32,41 euros sen IVE


Anals. Control+THM.. 72,92 euros sen IVE

Anál. Grifo usuario... 32,41 euros sen IVE

O que aplicado ó número máximo de análises resulta o seguinte gasto total:

11 análises completos x 465,87 euros: 5.124,57 euros

Código Seguro de verificación:FnSJULKLMRa82qjo2nhSyA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	28/10/2014
	Manuel Enrique Chain Fernández - TA Delegado Infraestruc. e Zona Rural		
ID. FIRMA	afirma.pro	FnSJULKLMRa82qjo2nhSyA==	PÁGINA 4/24
			
FnSJULKLMRa82qjo2nhSyA==			

30 análises de control x 32,41 euros: 972,30 euros

43 controis +THM x 72,92 euros: 3.135,56 euros

63 grifo usuario x 32,41 euros: 2.041,83 euros

Para o control das fontes públicas: 31,13 euros sen IVE cada fonte.

Aplicado a 75 fontes cunha periodicidade de 4 trimestres:

31,31 euros/fonte x 75 fontes/trimestre x 4 trimestres: 9.339 euros

En consecuencia o custo máximo do contrato para a primeira anualidade é de 20.613,26 euros ó que sumado o IVE (21%) – 4.328,78 €- resulta un total de 24.942,04 euros IVE incluído.

O valor estimado total do contrato, tendo en conta a posible prórroga é de 41.226,52 euros IVE excluído.

Os licitadores deberán incluír na súa oferta o custo unitario para os diferentes tipos de análises e controis.

O redución do número estimado de análise non dará lugar a indemnización. Só se aboarán as análises efectivamente realizadas.

4.2.- Faise constar a existencia de consignación orzamentaria por importe de 5.153,65 euros na aplicación 16100.22799 do vixente Orzamento para o exercizo 2014 (RC 55966 e RC/ 69786). O importe correspondente ó IVE – 4.328,78 euros- ten un tratamento non orzamentario (IVE deducible).

De conformidade co artigo 174.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, o crédito correspondente á cobertura de obrigas que, de ser o caso, se devenguen no exercizo 2015 e seguintes queda condicionado á adopción do compromiso de habilitación de crédito para os ditos orzamentos polo órgano competente.

4.3.- A tódolos efectos entenderase que nas ofertas e nos prezos ofertados se encontran incluídos tódolos gastos que a empresa debe realizar para o cumprimento das obrigas contratadas, como son os gastos xerais, financeiros, beneficios, seguro, transportes e desprazamentos, soldos do persoal ó seu cargo que leven a cabo a prestación dos servizos, taxas e toda clase de tributos, en especial o IVE, e en xeral, cantos gastos deba realizar a empresa para o cumprimento das obrigas contratadas.


4.4. Non procederá a revisión de prezos do contrato durante o primeiro ano tralo comezo da prestación dos traballos. Neste punto estarase ó establecido na lexislación vixente.

QUINTA. PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN. CAPACIDADE DE LICITAR

Este contrato adxudicarase polo **procedemento aberto**, previsto e regulado polos artigos 138, 157 e seguintes do TRLCSP.

Están facultados para tomar parte na licitación e contratar con este Excmo. Concello as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, non estean incursas en prohibición de contratar, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica e profesional segundo o establecido nos artigos 55 e seguintes do TRLCSP

Código Seguro de verificación:FnSJUlKLMRa82qjo2nhSyA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	28/10/2014
	Manuel Enrique Chain Fernández - TA Delegado Infraestruc. e Zona Rural		
ID. FIRMA	afirma.pro	FnSJUlKLMRa82qjo2nhSyA==	PÁGINA 5/24
 FnSJUlKLMRa82qjo2nhSyA==			

Ademais das condicións xerais esixidas pola Lei, a empresa adxudicataria deberá dispoñer dunha organización con elementos persoais e materiais suficientes para a debida execución do contrato.

Os empresarios deberán contar, así mesmo, coa habilitación empresarial ou profesional que, de ser o caso, sexa esixible para a realización da actividade ou prestación que constituía o obxecto do contrato.

Poderán, así mesmo, presentar proposicións as **unións de empresarios** que se constituán temporalmente de conformidade co artigo 59 do TRLCSP. Cada un dos empresarios que compoñen a agrupación, deberá acreditar a súa capacidade de obrar e a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional, coa presentación da documentación a que fan referencia as cláusulas seguintes, e deberán indicar en documento privado os nomes e circunstancias dos empresarios que subscriban, a participación de cada un deles e a persoa ou entidade que, durante a vixencia do contrato, posuirá a plena representación ante a administración, e que asumen o compromiso de constituírse en unión temporal de empresas. O citado documento deberá estar firmado polos representantes de cada unha das empresas compoñentes da unión.

SEXTA. CRITERIOS DE SOLVENCIA ECONÓMICA, FINANCEIRA E TÉCNICA

6.1.-A xustificación da solvencia económica e financeira deberá acreditarse por un ou varios dos medios seguintes:

a) Declaracións apropiadas de entidades financeiras ou, se é o caso, xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais.

b) Contas anuais presentadas no Rexistro Mercantil ou no Rexistro oficial que corresponda. Os empresarios non obrigados a presentar as contas en rexistros oficiais poderán achegar, como medio alternativo de acreditación, os libros de contabilidade debidamente legalizados.

c) Declaración sobre o volume global de negocios e, se é o caso, sobre o volume de negocios no ámbito de actividades correspondente ó obxecto deste contrato, referido como máximo ós tres últimos exercicios dispoñibles en función da data de creación ou do inicio das actividades do empresario, na medida en que se dispoña das referencias do dito volume de negocio.

Se por razóns xustificadas un empresario non pode facilitar as referencias solicitadas, poderá acreditar a súa solvencia económica e financeira por calquera outra documentación considerada como suficiente pola Administración.

6.2 A solvencia deberá xustificarse cunha relación dos principais servizos ou traballos realizados nos últimos tres anos similares ós que son obxecto deste contrato e que inclúa o importe, datas e o destinatario, público ou privado, deles. Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público, ou cando o destinatario sexa un suxeto privado, mediante un certificado expedido por este, ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario; no seu caso, estes certificados serán comunicados directamente ó órgano de contratación pola autoridade competente.

Ademais do anterior as empresas licitadoras deberán acreditar:

Código Seguro de verificación:FnSJULKLMRa82qjo2nhSyA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	28/10/2014
	Manuel Enrique Chain Fernández - TA Delegado Infraestruc. e Zona Rural		
ID. FIRMA	afirma.pro	FnSJULKLMRa82qjo2nhSyA==	PÁGINA 6/24



Que o laboratorio no que realizará as análisis cumpre co establecido no art.16 do RD 140/2003, referido ós laboratorios de control de calidade da auga de consumo humano (acreditados pola UNE-EN ISO/IEC 17025 ou a vixente nese momento para os parámetros realizados no laboratorio,ou o meos deberán ter a certificación pola UNE-EN ISO 9001 ou a vixente nese momento).

A tal efecto indícarán nº da acreditación ou certificación, data da última renovación e os parámetros para os cales está acreditado, así como copia compulsada do alcance da acreditación.

SÉTIMA. GARANTÍAS

De conformidade co artigo 103 do TRCSP non resulta esixible a constitución de garantía provisional.

O licitador que presente a oferta economicamente máis ventaxosa estará obrigado a constituír unha garantía definitiva dun 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE, no prazo máximo de 10 días hábiles contados a partir do seguinte a aquel en que recibese o requerimento a que se refire o artigo 151.2 do TRLCSP. De non cumprirse este requisito en prazo entenderase que o licitador retirou a súa oferta procedéndose neste caso a recabar a mesma documentación ó licitador seguinte pola orde en que quedasen clasificadas as ofertas.

As garantías poderán prestarse nalgunha das formas sinaladas no artigo 96 do TRLCSP, esto é:

- En efectivo ou en valores de debeda pública, con suxeición, en cada caso, ás condicións establecidas no TRLCSP e normas de desenvolvemento.
- Mediante aval, prestado na forma e condicións que establezan as normas de desenvolvemento do TRLCSP, por algún dos bancos, caixas de aforro, cooperativas de crédito, establecementos financeiros de crédito e sociedades de garantía recíproca autorizados para operar en España, que deberán depositarse nos establecementos sinalados no artigo 96 do TRLCSP.
- Mediante contrato de seguro de caución celebrado cunha entidade aseguradora autorizada para operar no ramo. O certificado de seguro deberá entregarse nos establecementos sinalados no artigo 96 do TRLCSP.

OITAVA. ANUNCIO DE LICITACIÓN E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS.


O Concello de Lugo publicará un anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo así como no perfil do contratante do Concello (www.lugo.es)

O prazo de presentación de proposicións será de **quinze días naturais** contados dende a publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

NOVENA. PRESENTACIÓN DAS PROPOSICIÓNS

As empresas presentarán a súa proposición en dous sobres pechados, asinados polo proponente ou polo seu representante, facendo constar o título do procedemento, nome do licitador, enderezo, teléfono e fax, para os efectos de notificacións. Os ditos sobres denominaranse coas letras A, DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA, e B OFERTA ECONÓMICA

Código Seguro de verificación:FnSJU1KLMRa82qjo2nhSyA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
 Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	28/10/2014
	Manuel Enrique Chain Fernández - TA Delegado Infraestruc. e Zona Rural		
ID. FIRMA	afirma.pro	FnSJU1KLMRa82qjo2nhSyA==	PÁGINA 7/24
 FnSJU1KLMRa82qjo2nhSyA==			

Os sobres de que consta a proposición presentaranse, durante o prazo sinalado na cláusula oitava, antes sinalada, no Rexistro Xeral do Excmo. Concello de Lugo, en horario das 9 ás 14 horas (de luns a venres) ou enviadas por correo. No suposto que o último día de presentación das proposicións coincidise en sábado ou festivo prorrogarase ó seguinte día hábil.

Cando as proposicións se envíen por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío e anunciarlle ó órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, telegrama ou fax no mesmo día. Sen a concorrencia de ambos os dous requisitos, non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de remate do prazo sinalado no anuncio. Transcorridos, non obstante, 10 días naturais seguintes á dita data sen se recibir a proposición, esta non será admitida en ningún caso.

Faise constar expresamente a non admisibilidade de variantes ou alternativa nas proposicións por tratarse dun contrato cun obxecto perfectamente determinado.

DÉCIMA. DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA E OFERTA ECONÓMICA

O sobre A - DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA - conterá, como mínimo, os seguintes documentos:

1.- Acreditativos da **personalidade e capacidade** do licitador, que serán:

a) Se se trata de empresario individual (persoa física), copia auténtica do DNI

b) Os restantes empresarios (persoas xurídicas):

-Escritura de constitución ou modificación se é o caso debidamente inscrita no seu correspondente rexistro mercantil cando este requisito fose esixible conforme á lexislación que lle sexa aplicable.

Se é o caso, mediante a presentación de escritura ou documento de constitución ou modificación dos estatutos ou acto fundacional no que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos se é o caso, no correspondente Rexistro Oficial.

-Copia do DNI da persoa representante asinante da proposición.

2.- Acreditativos da **extensión das facultades do representante ou apoderado:**


Cando o licitador actúe mediante representante ou se trate dunha sociedade ou persoa xurídica deberá realizar o bastanteo do poder para o que presentará documento fidedigno acreditativo da existencia da representación e do ámbito das súas facultades para licitar inscrito no Rexistro Mercantil.

O dito documento ou poder de representación deberá estar bastanteado por funcionarios/as do servizo municipal de contratación do Concello habilitados ó efecto con anterioridade ó remate do prazo establecido para a presentación da documentación e ofertas. A taxa por este bastanteo ascende a **10,20 euros**

Para proceder ó pagamento da taxa deberán seguirse as *instrucións para pagamento de gastos derivados da participación nos procedementos de contratación* que están a disposición dos interesados no perfil do contratante da páxina web municipal

3.- **Declaración responsable** do licitador outorgada ante o Concello de Lugo, notario ou organismo profesional cualificado na que se faga constar **que non se atopa incurso en ningunha das prohibicións para contratar co Concello de**

Código Seguro de verificación:FnSJULKLMRa82qjo2nhSyA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	28/10/2014
ID. FIRMA	afirma.pro	PÁGINA	8/24
 FnSJULKLMRa82qjo2nhSyA==			

Lugo previstas no artigo 60 do TRLCSP e de que se atopa ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias -incluídas tamén co Concello de Lugo- e de Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes. Nesta declaración farase constar asimesmo que o licitador esta dado de alta no IAE no epígrafe correspondente ó obxecto do contrato non habendo causado baixa neste.

Non obstante, os licitadores deberán ter en conta que, no caso de ser seleccionados para ser adxudicatarios, deberán acreditar debidamente estas circunstancias no prazo e coas formalidades previstas na Lei e neste prego.

Cando se trate de empresas de Estados membros da Unión Europea ou signatarios do Acordo sobre o Espazo económico europeo e esta posibilidade estea prevista na lexislación do Estado respectivo, poderá tamén substituírse por declaración responsable ante unha autoridade xudicial.

O cumprimento das obrigas tributarias pode substituírse por certificacións expedidas pola Axencia Estatal da Administración Tributaria segundo se trate de tributos estatais e das obrigas de Seguridade Social mediante certificación expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

4.- Presentación da alta e, no seu caso, do derradeiro recibo do Imposto sobre Actividades Económicas completado cunha declaración responsable de non terse dado de baixa na matrícula do dito imposto.

Sen prexuízo da obriga de acreditar a alta no dito imposto, no suposto de atoparse nalgunha das exencións reguladas no artigo 82.1. do Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, deberá xustificarse mediante unha resolución expresa da concesión da exención da Administración competente ou unha declaración responsable de ter unha cifra de negocios inferior a un millón de euros.


Os suxeitos pasivos aos que se refire o artigo 82.1.a), d), g) e h) do Real Decreto lexislativo 2/2004 non estarán obrigados a presentar declaración de alta na matrícula do imposto

Quedarán dispensados de presentar a documentación referida nos catro apartados anteriores os licitadores inscritos no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado ou no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia agás para o cumprimento do requisito de atoparse ó corrente coas obrigas tributarias co Concello de Lugo por non ser de obrigada inscrición nos ditos Rexistros. **Para a acreditación deste requisito deberá achegar unha declaración responsable conforme o modelo do ANEXO II deste prego de cláusulas administrativas.**

A efectos desta dispensa os licitadores deberán achegar no sobre A o número de inscrición e incluír a correspondente certificación onde se reflicta a información a que se refiren os parágrafos anteriores. Esta dispensa terá validez sempre e cando a información que facilite o dito certificado estea vixente na data límite do prazo sinalado para a presentación de ofertas.

Conforme o establecido no artigo 146 do TRLCSP deberá achegar unha **declaración responsable (conforme modelo ANEXO I) no que se manifeste que as circunstancias reflectidas no correspondente certificado non**

Código Seguro de verificación:FnSJUlKLMRa82qjo2nhSyA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
 Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	28/10/2014
	Manuel Enrique Chain Fernández - TA Delegado Infraestruc. e Zona Rural		
ID. FIRMA	afirma.pro	FnSJUlKLMRa82qjo2nhSyA==	PÁGINA 9/24
 FnSJUlKLMRa82qjo2nhSyA==			

experimentaron variación. A dita declaración reiterarase no caso de resultar seleccionado e no documento no que se formalice o contrato.

5.- Acreditación da **solvencia económica e financeira** así como **solvencia técnica e profesional** polos medios indicados na cláusula sexta deste prego de cláusulas.

Os licitadores con inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado ou no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia deberán presentar - no caso de non reflectirse esta información no correspondente certificado - a documentación acreditativa da solvencia económica e financeira así como a solvencia técnica e profesional agás nos casos que de conformidade cos artigos 62.2 e 74.2 do TRLCSP a xustificación da solvencia poda substituírse pola correspondente clasificación.

6.- Acreditación de que o laboratorio no que realizará as análises cumpre co establecido no art.16 do RD 140/2003, referido ós laboratorios de control de calidade da auga de consumo humano (acreditados pola UNE-EN ISO/IEC 17025 ou a vixente nese momento para os parámetros realizados no laboratorio,ou o meos deberán ter a certificación pola UNE-EN ISO 9001 ou a vixente nese momento).

A tal efecto indicarán **nº da acreditación ou certificación, data da última renovación e os parámetros para os cales está acreditado, así como copia compulsada do alcance da acreditación.**

7.- **No caso de que as propostas fosen presentadas por estranxeiros, ademais da anterior documentación, terán que aportar a seguinte:**

a) Os licitadores estranxeiros de estados membros da Unión Europea ou asinantes do acordo sobre o espazo económico europeo acreditarán a súa capacidade de obrar mediante a inscrición nos rexistros ou presentación das certificacións que se sinalan no Anexo I do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro.


b) Os licitadores de estados non membros da Comunidade Europea e dos non asinantes do acordo sobre o espazo económico europeo ademais de acreditar a súa capacidade para contratar e obrigarse conforme á lexislación do seu estado e a súa solvencia económica, financeira, deberán presentar os seguintes documentos:

- Informe expedido pola Misión Diplomática Permanente ou Oficina Consular de España no lugar de domicilio da empresa no que se faga constar, previa demostración pola empresa, que figura inscrita no Rexistro local, profesional, comercial ou análogo ou, no seu defecto, que actúan con habitualidade no tráfico local.

- Informe de reciprocidade da Misión Diplomática Permanente de España na que faga constar que o estado de procedencia da empresa admite pola súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa administración en forma sustancialmente análoga. Excepción deste requisito os casos de contratos suxeitos a regulación harmonizada en relación coas empresas de Estados signatarios do Acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial do Comercio (art. 55 do TRLCSP)

En todo caso, as empresas estranxeiras deberán asinar unha declaración de sometemento á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde para

Código Seguro de verificación:FnSJULKLMRa82qjo2nhSyA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	28/10/2014
	Manuel Enrique Chain Fernández - TA Delegado Infraestruc. e Zona Rural		
ID. FIRMA	afirma.pro	FnSJULKLMRa82qjo2nhSyA==	PÁGINA 10/24
			
FnSJULKLMRa82qjo2nhSyA==			

a resolución de calquera das cuestións litixiosas que puideran xurdir durante a formalización e execución do contrato.

Os licitadores estranxeiros presentarán os documentos que teñan que aportar traducidos de forma oficial en calquera dos idiomas galego ou castelán.

Os documentos a que se refire esta cláusula poderán ser orixinais ou presentarse mediante copia autenticada por notario ou polo/a funcionario/a encargado/a do Rexistro deste Excmo. Concello.

DE CONFORMIDADE CO ARTIGO 146.4 DO TRLCSP, OS LICITADORES PODERÁN SUSTITUIR A PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN RELACIONADA ANTERIORMENTE nos apartados 1 a 7 DENTRO DO SOBRE A UNICAMENTE POR UNHA DECLARACIÓN RESPONSABLE INDICANDO QUE CUMPRE TODALAS CONDICIÓN ESTABLECIDAS LEGALMENTE PARA CONTRATAR COA ADMINISTRACIÓN CONFORME O MODELO DO ANEXO III DESTES PREGOS

Os documentos a que se refire esta cláusula poderán ser orixinais ou presentarse mediante copia autenticada por notario ou polo/a funcionario/a encargado/a do Rexistro deste Excmo. Concello.

O sobre B, OFERTA ECONÓMICA, conterá o seguinte modelo, debidamente cuberto.

Don, con domicilio en e DNI nº, expedido o, en plena posesión da súa capacidade xurídica e de obrar, en nome propio (ou en representación de, con DNI ou CIF nº,), fai constar:

a) Que solicita tomar parte no procedemento convocado para a contratación do **SERVIZO DE CONTROL DA CALIDADE DA AUGA DE CONSUMO HUMANO DO ABASTECIMENTO DE LUGO E CONTROL SANITARIO DAS FONTES PÚBLICAS NON CONECTADAS Á REDE DE ABASTECIMENTO 2014**

b) Oferta os seguintes prezos unitarios :

- Análise completo:euros/análise sen IVE e que aplicado a un máximo de 11 análises estimadas do contrato resulta un total anual de euros IVE excluído.

- Análise de control:euros/análise sen IVE e que aplicado a un máximo de 30 análises estimadas do contrato resulta un total anual de euros IVE excluído.


- Análise control + THM:euros/análise sen IVE e que aplicado a un máximo de 43 análises estimadas do contrato resulta un total anual de euros IVE excluído.

- Análise grifo usuario:euros/análise sen IVE e que aplicado a un máximo de 63 análises estimadas do contrato resulta un total anual de euros IVE excluído.

- Control fontes públicas:euros/fonte sen IVE e que aplicado a un máximo de 300 controis de fontes estimadas do contrato resulta un total anual de euros IVE excluído.

Resultando un total de orzamento ofertado para a globalidade do contrato de euros anuais IVE excluído ó que sumado o IVE (21%) resulta un prezo máximo anual do contrato de euros IVE incluído.

Código Seguro de verificación:FnSJUlKLMRa82qjo2nhSyA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
 Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	28/10/2014
	Manuel Enrique Chain Fernández - TA Delegado Infraestruc. e Zona Rural		
ID. FIRMA	afirma.pro	FnSJUlKLMRa82qjo2nhSyA==	PÁGINA 11/24
 FnSJUlKLMRa82qjo2nhSyA==			

c) Acepta incondicionalmente cantas obrigas se deriven do prego de cláusulas administrativas particulares e das condicións técnicas, como licitador e como adxudicatario, se é o caso.

d) Reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar coa Administración.

(Lugar, data e sinatura)

O licitador poderá acompañar á súa oferta canta documentación complementaria estime conveniente para a mellor comprensión e xustificación dela, en particular:

DÉCIMO PRIMEIRA. MESA DE CONTRATACIÓN E APERTURA DAS PROPOSICIÓNS

De conformidade co previsto no artigo 320 do TRLCSP a Mesa de Contratación estará integrada por:

PRESIDENTA: Sra Concelleira Delegada da Area de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación.

VOCAIS:

- O Concelleiro Delegado de Urbanismo e Medio Ambiente
- Un Concelleiro de cada un dos grupos políticos que forman a Corporación
- Interventor Xeral ou funcionario/a que o substitúa
- Un representante da Asesoría Xurídica do Concello ou funcionario/a que a substitúa.

SECRETARIO: O xefe do servizo de contratación ou funcionario/a que o substitúa.

O acto de apertura das ofertas (sobre B) celebrarase o segundo día natural contado a partir do remate do prazo de presentación de proposicións, procedéndose previamente á apertura e cualificación da documentación administrativa (sobre A). Se o dito día coincidise en sábado ou festivo, a apertura realizarase o seguinte día hábil. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

No caso de que a apertura do sobre B se realice en día distinto ó sinalado así como nos casos de celebración pola Mesa de Contratación de sesións que deban realizarse en acto público, os licitadores serán convocados mediante inserción da convocatoria no perfil do contratante do Concello de Lugo cunha antelación mínima de 48 horas respecto á data da celebración da sesión.

DÉCIMO SEGUNDA. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

Unicamente valorarase o prezo ofertado a baixa ata un máximo de 10 puntos.

Tendo en conta que existen cinco prezos unitarios distintos, a efectos de calcular a oferta economicamente mais ventaxosa, multiplicarase o numero estimado de cada tipo analise e control polo seu prezo unitario ofertado correspondente conforme o modelo de oferta establecido neste prego. A suma de todas estas cantidades dará lugar á cuantificación do gasto total ofertado.

Deste xeito, a proposición que oferte o prezo total pola globalidade do contrato- IVE (21%) excluído- mais baixo obterá a máxima puntuación (10 puntos) e as proposicións que - unha vez aplicado os prezos unitarios ofertados ó número de

Código Seguro de verificación:FnSJUlKLMRa82qjo2nhSyA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	28/10/2014
	Manuel Enrique Chain Fernández - TA Delegado Infraestruc. e Zona Rural		
ID. FIRMA	afirma.pro	FnSJUlKLMRa82qjo2nhSyA==	PÁGINA 12/24



análises e controis estimados- oferte o prezo de licitación 20.613,26 euros IVE excluído obterá 0 puntos. As restantes proposicións valoraranse de xeito proporcional.

A valoración do prezo ofertado realizarase excluíndo o Imposto sobre Valor Engadido.

Consideraranse anormais ou desproporcionadas as ofertas económicas cunha porcentaxe de baixa que exceda en dez unidades ou máis a media aritmética das porcentaxes de baixa de tódalas proposicións presentadas.

DÉCIMO TERCEIRA. ADJUDICACIÓN

A adjudicación do contrato será realizada polo órgano competente, a proposta da mesa de contratación. Unha vez seleccionada a oferta economicamente mais vantaxosa segundo os criterios de negociación establecidos neste prego, requirirase ao licitador que presentase esta oferta para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel no que recibira o requirimento, presente a documentación acreditativa de estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e de Seguridade Social e de ter constituída a garantía definitiva que sexa procedente.

De non cumplimentarse axeitadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retira a súa oferta, procedéndose nese caso a recabar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde na que que quedaran clasificadas as ofertas.

De conformidade co artigo 146.4 do TRLCSP, o organo de contratación requirirá ó licitador seleccionado para que, con anterioridade á adopción da proposta de adjudicación e para o caso de que non se presentase a documentación sinalada nos apartados 1 a 7 da cláusula décima destes pregos dentro do sobre A, achegue a documentación acreditativa do cumprimento das condicións esixidas na lei e nestes pregos para ser adxudicatario do contrato.

O órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación.

Unha vez acordada a adjudicación do contrato, notificarase aos candidatos ou licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil do contratante


Na notificación así como no perfil do contratante indicarse o prazo en que debe procederse á formalización do contrato

DÉCIMO CUARTA. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

A formalización do contrato en documento administrativo efectuarase dentro do prazo máximo de quince días hábiles a contar dende o seguinte ó da notificación da adjudicación, constituíndo dito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público. Non obstante, o contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo do seu cargo os correspondentes gastos.

No caso de que o contrato fora adxudicado a unha agrupación de empresas, deberán estas acreditar a constitución da mesma, en escritura pública, dentro do prazo outorgado para a formalización do contrato.

Código Seguro de verificación:FnSJUlKLMRa82qjo2nhSyA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
 Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	28/10/2014
	Manuel Enrique Chain Fernández - TA Delegado Infraestruc. e Zona Rural		
ID. FIRMA	afirma.pro	FnSJUlKLMRa82qjo2nhSyA==	PÁGINA 13/24
 FnSJUlKLMRa82qjo2nhSyA==			

Cando por causas imputables ó contratista non se puidese formalizar o contrato dentro do prazo sinalado, o Concello poderá acordar a incautación sobre a garantía definitiva do importe da garantía provisional que se é o caso houbese esixido.

Antes da formalización do contrato a empresa adxudicataria deberá achegar xustificante de aboamento dos gastos de anuncios e do importe dos anuncios e do importe dos impostos, dereitos, taxas, prezos públicos e demais que orixine a licitación e formalización do contrato

DÉCIMO QUINTA. EXECUCIÓN DO CONTRATO

1. Os traballos executaranse con estrita suxeición ás cláusulas estipuladas neste prego e no prego de prescricións técnicas aprobado polo Concello e conforme as instrucións que, en interpretación técnica deste dera ó contratista o responsable do contrato (farmecéutica municipal), o cal terá as facultades sinaladas no artigo 52 do TRLCSP.

Cando as instrucións fosen de carácter verbal, deberán ser ratificadas por escrito, o máis axiña posible, para que sexan vinculantes ás partes.

2. Se durante o desenvolvemento dos traballos se detectase a conveniencia ou necesidade da súa modificación ou a realización de actuacións non contratadas, actuarase na forma prevista nos artigos 105 e seguintes do TRLCSP.

3. Os dereitos e obrigacións dimanantes do contrato poderán ser cedidos a un terceiro sempre que se cumpran os requisitos establecidos no artigo 226 do TRLCSP e que as calidades técnicas ou persoais do cedente non foran razón determinante da adxudicación do contrato.

4. Faise constar expresamente que a contratación polo adxudicatario da realización parcial do contrato con terceiros estará suxeita ós requisitos establecidos no artigo 227, así como o pagamento a subcontratistas e subministradores deberá axustarse ó disposto no artigo 228 do TRLCSP

DÉCIMO SEXTA. GASTOS

Os gastos derivados da contratación e da formalización do contrato, incluíndose anuncios de licitación e taxas (300 euros aproximadamente), serán por conta do contratista adxudicatario.

Encontrarase, así mesmo, obrigado ó pagamento de tódolos xéneros de tributos estatais, locais e autonómicos e a solicitar a concesión das autorizacións e licencias que lle fosen necesarias das administracións ou organismos públicos ou privados, sendo da súa conta as xestións e gastos que se ocasionen.


DÉCIMO SÉTIMA. CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS SOCIAIS E LABORAIS

- O contratista estará obrigado a cumprir as disposicións vixentes en materia de protección da industria.

- O contratista está obrigado, igualmente, a cumprir as disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de seguridade e hixiene no traballo.

Para o cumprimento da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, a empresa deberá de achegarlle ó Gabinete de Prevención de Riscos

Código Seguro de verificación:FnSJUlKLMRa82qjo2nhSyA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	28/10/2014
	Manuel Enrique Chain Fernández - TA Delegado Infraestruc. e Zona Rural		
ID. FIRMA	afirma.pro	FnSJUlKLMRa82qjo2nhSyA==	PÁGINA 14/24
			
FnSJUlKLMRa82qjo2nhSyA==			

Laborais do Concello con carácter previo ó inicio da prestación de que se trate a seguinte documentación:

1.- Xustificación da modalidade de desenvolvemento da actividade preventiva na empresa.

a) No suposto de que esta concertase un servizo de prevención alleo, deberá presentar certificación del, comprensiva das especialidades concertadas e vixencia do concerto.

b) No suposto de que sexa membro dun servizo mancomunado, deberá presentar a acta da súa constitución.

c) Se existe un traballador designado, haberá de indicarse o seu nome, así como a súa aceptación.

2.- Certificación de que a avaliación e plan de acción están feitas ou en procedemento, así como acreditar que foi realizada a información e formación dos traballadores, ou ben que se está realizando.

3.- No caso de que a empresa contratista subcontrate todos ou parte dos traballos con outras empresas, estas deberán de achegarlle a documentación esixida ó contratista principal, e este será responsable en caso de non levarlos a cabo.

4.- En todo caso o Concello, en calquera momento durante o prazo de vixencia do contrato, poderá solicitar da empresa contratista ou subcontratista os requisitos legalmente establecidos na lexislación de prevención de riscos laborais.

5.- No caso de non achegar a dita documentación, non poderá realizarse a contratación. E no mantemento de tales requisitos durante o prazo de vixencia do contrato dará lugar á súa rescisión sen que iso xere ningún tipo de indemnización a favor da empresa.

Xúntase anexo ó presente prego para que sexa cuberto pola empresa e enviado ó Concello.


O incumprimento destas obrigas por parte do contratista ou a infracción das disposicións sobre seguridade por parte do persoal técnico designado por el non implicará responsabilidade ningunha para a Administración contratante.

Os efectos do establecido no artigo 223 as obrigas establecidas nesta clausula teñen o carácter de **obrigas contractuais esenciais** cuxo incumprimento dará lugar a resolución. Para o cumprimento desta obriga a empresa contratista deberá manter actualizado en todo momento ó longo da vida do contrato os correspondentes certificados de atoparse ó corrente coa Seguridade Social e coa Administración Tributaria estatal que se presentarán, cando sexa procedente, xunto coas correspondentes facturas para a súa tramitación polo responsable do contrato.

Asimesmo poderá esixirse calquera documentación que o Concello estime oportuna para a comprobación do cumprimento das obrigas laborais e demais sinaladas.

A autorización para acceder ós datos de carácter persoal que consten na Seguridade Social así como na Axencia Estatal da Administración Tributaria-que se achegará polo contratista previamente á formalización do contrato- no excusará da obriga de presentar os certificados anteriormente sinalados.

Código Seguro de verificación:FnSJUlKLMRa82qjo2nhSyA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
 Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	28/10/2014
	Manuel Enrique Chain Fernández - TA Delegado Infraestruc. e Zona Rural		
ID. FIRMA	afirma.pro	FnSJUlKLMRa82qjo2nhSyA==	PÁGINA 15/24
 FnSJUlKLMRa82qjo2nhSyA==			

DÉCIMO OITAVA. RESPONSABILIDADE DO ADXUDICATARIO E OBRIGAS ESPECIAIS

O adxudicatario asumirá a total responsabilidade da execución do contrato fronte ó Excmo. Concello de Lugo, axustándose estritamente a este prego, ás condicións técnicas particulares e demais aspectos contractuais, así como o previsto na LCSP en relación coa subcontratación de calquera tipo de servizos, obras ou actividades propias desta.

O persoal propio da empresa adxudicataria non terá vinculación laboral, administrativa nin de calquera outra modalidade co Excmo. Concello de Lugo.

Para os efectos da responsabilidade que puidese derivarse para o adxudicatario por danos fronte a terceiros, por causa imputable á empresa ou a calquera dos seus elementos adscritos ó contrato, presentárase, previamente á formalización do contrato administrativo, seguro de responsabilidade civil para a cobertura dos riscos que puidesen derivarse da relación contractual co Excmo. Concello de Lugo. Malia o anterior, o contratista non será responsable dos danos e perdas ocasionados cando sexan consecuencia dunha orde directa da Administración.

O contratista adxudicatario estará obrigado a gardar sigilo sobre o contido do contrato e a non facer uso dos datos que coñeza ou dos que dispoña, para outras finalidades distintas do obxecto da contratación.

DÉCIMO NOVENA. PAGAMENTO

O pagamento efectuarase contra facturas mensuais unha vez efectuados os controis regulamentarios e conformada polo responsable do contrato, o Concelleiro Delegado de Medio Ambiente e Zona Rural e maila Concelleira Delegada da Área de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación.

VIXÉSIMA. EXTINCIÓN DO CONTRATO

Ademais de polo seu cumprimento, o contrato poderá extinguirse polas causas previstas no artigo 223 e 308, así como polo incumprimento por parte do adxudicatario das obrigas establecidas no prego de condicións técnicas para a prestación deste servizo


A Administración estará facultada para proceder á resolución do contrato polas causas sinaladas no parágrafo anterior e cos efectos previstos nos artigos 224 e 225 do TRLCSP.

Os efectos do artigo 223.f) do TRLCSP consideranse **obrigas contractuais esenciais** cuio incumprimento dará lugar á resolución do contrato as sinaladas na cláusula décimo sétima destes pregos.

Para os efectos de resolución do contrato incoarase un procedemento contradictorio no que se lle outorgue audiencia ó contratista para os efectos de formulación de alegacións e presentación de cantos documentos estime conveniente en defensa dos seus dereitos.

A resolución do contrato por incumprimento culpable do contratista implicará a incautación da garantía definitiva sen perxuízo da indemnización, se é o caso, polos danos e perxuízos causados no que exceda do importe da garantía definitiva.

Código Seguro de verificación:FnSJUlKLMRa82qjo2nhSyA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	28/10/2014
	Manuel Enrique Chain Fernández - TA Delegado Infraestruc. e Zona Rural		
ID. FIRMA	afirma.pro	FnSJUlKLMRa82qjo2nhSyA==	PÁGINA 16/24
			
FnSJUlKLMRa82qjo2nhSyA==			

VIXESIMA PRIMEIRA.- RÉXIME DE RECURSOS

Contra os actos que se relacionan no artigo 40 do TRLCSP relativos a contratos que non sexan susceptibles de recurso especial en materia de contratación por non atoparse nos supostos descritos no dito artigo, e de conformidade co establecido nos artigos 116 e seguintes da Lei 30/1992, de 26 de novembro, caberá a interposición do recurso potestativo de reposición, no prazo de un mes, contado a partir do seguinte ó da notificación ou publicación do acto ante a Xunta de Goberno Local, ou ser impugnados directamente ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo.

A N E X O

DATOS:

EMPRESA:			
ENDEREZO:			
LOCALIDADE:		PROVINCIA:	
PERSOA DE CONTACTO:			
TELÉFONO:		FAX.:	

MODALIDADE DE ACTIVIDADE PREVENTIVA

1º <input type="checkbox"/> CONCERTO CON SERVIZO DE PREVENCIÓN ALLEO OU MUTUA			
NOME:			
ENDEREZO:			
LOCALIDADE:		PROVINCIA:	
PERSOA DE CONTACTO:			
TELÉFONO:		FAX:	
ESPECIALIDADES CONTRATADAS:			
PERÍODO DE VIXENCIA DO CONCERTO:			

*** XUNTAR O CERTIFICADO DE QUE REALIZOUSE A AVALIACIÓN E O PLAN DE ACCIÓN ASÍ COMO A INFORMACIÓN E FORMACIÓN DOS TRABALLADORES.**

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	28/10/2014
	Manuel Enrique Chain Fernández - TA Delegado Infraestruc. e Zona Rural		
ID. FIRMA	afirma.pro	FnSJUlKLMRa82qjo2nhSyA==	PÁGINA 17/24



2º **COMO MEMBRO DO SERVIZO MANCOMUNADO**
* Xuntar a acta de Constitución.

3º **TRABALLADOR DESIGNADO**

Nome e Apelidos:

Cargo:

NOME EMPRESARIO:

SELO DA EMPRESA

D.N.I.:

FIRMA:

DATA

ANEXO I

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE VIXENCIA DOS DATOS ANOTADOS NO REGISTRO DE LICITADORES DE PRESENTACIÓN OBRIGATORIA XUNTO COA CERTIFICACIÓN DE INSCRIPCIÓN REXISTRAL

D./D.^aco D.N.I. n.º:, en nome propio ou en representación da empresa....., inscrita no Rexistro de Licitadores co n.º, en calidade de, co obxecto de participar na **CONTRATACION DUN SERVIZO DE CONTROL DA CALIDADE DA AUGA DE CONSUMO HUMANO DO ABASTECIMENTO DE LUGO E CONTROL SANITARIO DAS FONTES PÚBLICAS NON CONECTADAS Á REDE DE ABASTECIMENTO 2014** declaro **baixo a miña responsabilidade:**

1º.- Que os datos desta empresa que constan no Rexistro de Licitadores (indicar cal é o rexistro) non foron alterados en ningunha das súas circunstancias e que se corresponden coa certificación do Rexistro que se achega a esta declaración.

Que os datos desta empresa que constan no Rexistro de Licitadores referentes a:

1.

2.

3.

sufriron alteración segundo se acredita mediante os documentos que se achegan a esta declaración e que estas circunstancias foron comunicadas ó Rexistro con data, mantendose o resto dos datos sen alteración algunha respecto do contido da certificación do Rexistro

2º.- Que a empresa que represento atópase ó corrente coas obrigas tributarias co Excmo. Concello de Lugo.

En de de de 2014

Asdo:


ANEXO II

MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE (só para os casos de non acreditar os requisitos mediante certificado de inscrición en Rexistro de licitadores)

18

Código Seguro de verificación:FnSJUlKLMRa82qjo2nhSyA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	28/10/2014
	Manuel Enrique Chain Fernández - TA Delegado Infraestruc. e Zona Rural		
ID. FIRMA	afirma.pro	FnSJUlKLMRa82qjo2nhSyA==	PÁGINA 18/24



FnSJUlKLMRa82qjo2nhSyA==

D./D.^aco D.N.I. n.º:, en nome propio ou en representación da empresa....., en calidade de, co obxecto de participar na **CONTRACION DUN SERVIZO DE CONTROL DA CALIDADE DA AUGA DE CONSUMO HUMANO DO ABASTECIMENTO DE LUGO E CONTROL SANITARIO DAS FONTES PÚBLICAS NON CONECTADAS Á REDE DE ABASTECIMENTO 2014** declaro **baixo a miña responsabilidade:**

Que o asintante desta declaración como a compañía mercantil á que represento es os administradores e representantes da mesma teñen plena capacidade de obrar e non se atopan comprendidos en ningunha das causas de prohibición para contratar co Concello de Lugo, enumeradas no artigo 60 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

Que a empresa se atopa ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias (coa Administración do Estado, co Concello de Lugo, así como de alta no Imposto de Actividades Económicas, e ó corrente do seu pagamento, no seu caso), e coa Seguridade Social establecidas polas disposicións vixentes.

Todo elo sen prexuízo de que en caso de ser seleccionado a xustificación fehaciente de tales requisitos se presentará antes da adxudicación no prazo concedido para esto.

Asimismo, declara que non está incurso en ningunha das causas ás que se refiren a Lei 12/1995, do 11 de maio, a Lei 9/1996, do 18 de outubro, sobre incompatibilidades de altos cargos, ley 5/2006, de 10 de abril, de regulación dos conflitos de interés dos membros do Goberno e dos Altos Cargos da Administración Xeral do Estado, a Lei 53/1984, do 26 de decembro, sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, a lei 5/1985, do 19 dexuño, de Réxime Electoral Xeral, nos termos establecidos nas mesmas, ou en calquera outra norma de aplicación na materia.

En último termo, declara que coñece o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o de Prescricións Técnicas que serven de base ao presente procedemento de contratación, e que os acepta total e incondicionalmente, así como que é coñecedor das responsabilidades nas que incorrería no caso de falsidade do anteriormente manifestado.

Asimesmo **autorizo** ó organo de contratación a recabar os datos que obren en poder da Administración que fosen necesarios para comprobar a veracidade das declaracións realizadas.


..... de..... de 2014
 (Lugar, data e sinatura do licitador)

ANEXO III

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS LEGALMENTE ESTABLECIDAS PARA PODER CONTRATAR CO CONCELLO DE LUGO

D./D.^aco D.N.I. n.º:, en nome propio ou en representación da empresa....., co obxecto de participar na **CONTRACION DUN SERVIZO DE CONTROL DA CALIDADE DA**



Código Seguro de verificación:FnSJULKLMRa82qjo2nhSyA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: http://intranet.lugo.es/verifica Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.			
FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	28/10/2014
	Manuel Enrique Chain Fernández - TA Delegado Infraestruc. e Zona Rural		
ID. FIRMA	afirma.pro	FnSJULKLMRa82qjo2nhSyA==	PÁGINA 19/24
 FnSJULKLMRa82qjo2nhSyA==			

AUGA DE CONSUMO HUMANO DO ABASTECIMENTO DE LUGO E CONTROL SANITARIO DAS FONTES PÚBLICAS NON CONECTADAS Á REDE DE ABASTECIMENTO 2014 declaro baixo a miña responsabilidade:

Que o asintante desta declaración así como a compañía mercantil á que represento reúne tódolos requisitos legalmente establecidos para poder contratar co Concello de Lugo as obras de referencia, en particular os requisitos de capacidade e solvencia económica e técnica **esixibles na Lei e no prego de cláusulas administrativas para poder ser adxudicatario do contrato de referencia.**

Que o asintante desta declaración como a compañía mercantil á que represento es os administradores e representantes da mesma teñen plena capacidade de obrar e non se atopan comprendidos en ningunha das causas de prohibición para contratar co Concello de Lugo, enumeradas no artigo 60 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

Que a empresa se atopa ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias (coa Administración do Estado, co Concello de Lugo, así como de alta no Imposto de Actividades Económicas, e ó corrente do seu pagamento, no seu caso), e coa Seguridade Social establecidas polas disposicións vixentes.

Asimismo, declara que non está incurso en ningunha das causas ás que se refiren a Lei 12/1995, do 11 de maio, a Lei 9/1996, do 18 de outubro, sobre incompatibilidades de altos cargos, ley 5/2006, de 10 de abril, de regulación dos conflitos de interés dos membros do Goberno e dos Altos Cargos da Administración Xeral do Estado, a Lei 53/1984, do 26 de decembro, sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, a lei 5/1985, do 19 dexuño, de Réxime Electoral Xeral, nos termos establecidos nas mesmas, ou en calquera outra norma de aplicación na materia.

En último termo, declara que coñece o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o de Prescricións Técnicas que serven de base ao presente procedemento de contratación, e que os acepta total e incondicionalmente, así como que é coñecedor das responsabilidades nas que incorrería no caso de falsidade do anteriormente manifestado.

Asimesmo **autorizo** ó organo de contratación a recabar os datos que obren en poder da Administración que fosen necesarios para comprobar a veracidade das declaracións realizadas.

Todo elo sen prexuízo de que en caso de ser seleccionado a xustificación fehaciente de tales requisitos se presentará antes da adxudicación no prazo concedido para esto.


..... de..... de.....

(Lugar, data e sinatura do licitador)"

B) "PREGO DE CONDICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVICIO DE CONTROL DA CALIDADE DA AUGA DE CONSUMO HUMANO DO ABASTECIMENTO DE LUGO E DO CONTROL SANITARIO DAS FONTES PÚBLICAS NON CONECTADAS Á REDE DE ABASTECIMENTO

Código Seguro de verificación:FnSJUlKLMRa82qjo2nhSyA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	28/10/2014
	Manuel Enrique Chain Fernández - TA Delegado Infraestruc. e Zona Rural		
ID. FIRMA	afirma.pro	FnSJUlKLMRa82qjo2nhSyA==	PÁGINA 20/24


FnSJUlKLMRa82qjo2nhSyA==

En datas próximas remata a prórroga do contrato que este Concello tiña asinado con BIOMIG S.L. para a realización das análíticas da auga de consumo humano do abastecemento municipal.

Posto que é necesario continuar realizando os preceptivos controis analíticos para dar cumprimento así ó establecido na normativa vixente (RD 140/2003 de 7 de febreiro polo que se establecen os criterios sanitarios de calidade da auga de consumo humano e Programa de Vixilancia Sanitaria das Augas de Consumo Humano da Xunta de Galicia), e dado que non está decidido cal vai ser o novo sistema de xestión para o ciclo da auga, é preciso proceder de novo á contratación externa dun servizo de realización de análíticas da auga de abastecemento e introducción dos correspondentes resultados no SINAC (Sistema de información Nacional de augas de consumo).

Por outra parte, rematou o contrato suscrito con BOSENDE TREBO S.L. para a realización do control sanitario das fontes públicas non conectadas á rede de abastecemento; co fin de manter actualizado o censo das mesmas, realizar o control sanitario periódico e manter unha correcta sinalización para cumprir co establecido no RD 140/2003 e no Programa de Vixilancia Sanitaria das Augas de Consumo da Xunta de Galica, e necesario tamén realizar a contratación deste servizo.

OBJECTO DO CONTRATO

-Polo que respecta á auga de abastecemento público, o obxecto do contrato é a toma de mostras, realización das correspondentes analíticas, remisión dos resultados ó Concello e introducción dos mesmos no SINAC.

- Polo que respecta ás fontes públicas non conectadas á rede de abastecemento: Toma de mostras e recollida de datos acerca do estado das fontes (estado dos accesos, limpeza, estado dos carteis de sinalización, etc.), Controis analíticos trimestrais, elaboración dos correspondentes informes e remisión dos mesmos ó Concello, elaboración dunha base de datos coa información obtida e vixilancia e reposición dos carteis de sinalización facilitados polo Concello.

ACREDITACIÓN NECESARIA

A empresa adxudicataria deberá indicar o laboratorio no que se realizarán os análisis, xustificando que éste cumpre co establecido no Art.16 do RD 140/2003 , referido ós laboratorios de control de calidade da auga de consumo humano (acreditación pola UNE-EN ISO/IEC 17025, ou a vixente nese momento para os parámetros realizados no laboratorio, ou ó menos deberán ter a certificación pola UNE-EN ISO 9001 ou a vixente nes momento), indicando **nº de acreditación ou certificación, data da última renovación e os parámetros para os cales está acreditado así como copia compulsada do alcance da acreditación**).


NÚMERO DE ANALÍTICAS A REALIZAR

-Polo que se refire á auga do abastecemento público:

Nestes momentos está prorrogado o contrato de servizos de arranque e posta en marcha da nova ETAP, dentro do cal está incluído o custo das análíticas



Código Seguro de verificación:FnSJU1KLMRa82qjo2nhSyA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
 Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	28/10/2014
	Manuel Enrique Chain Fernández - TA Delegado Infraestruc. e Zona Rural		
ID. FIRMA	afirma.pro	FnSJU1KLMRa82qjo2nhSyA==	PÁGINA 21/24
 FnSJU1KLMRa82qjo2nhSyA==			

ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 14x530160764

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 22-10-2014

da auga de consumo no Sistema ETAP-Depósitos de Penarrubia, polo que éstas non son obxecto do contrato que aquí se propón; estarían por tanto incluídas as analíticas correspondentes ós depósitos de Marcelle e do Ceao, rede de distribución e grifo do usuario, e de entrar en servicio, o novo depósito de Penarrubia.

O número e tipo de analíticas a realizar en cada punto ven estipulado na lexislación vixente em función do volume de auga subministrada e da poboación abastecida.

Tendo en conta ésto, o nº de análisis a realizar será o seguinte:

ANÁLISIS A REALIZAR				
	COMPLETOS	CONTROL + THM	CONTROL	GRIFO USUARIO
Depósito Marcelle	2		12	
Depósito CEAO	1		6	
Novo Depósito Penarubia	2		12	
Red Plaza Maior	1	7		
Red Av.Américas	1	7		
Red Plaza Roja	1	7		
Red Plaza Milagrosa	1	7		
Red Pol. Ceao	1	8		
Red Barbaín	1	7		
Grifo usuario				63

TOTAL COMPLETOS.....11


TOTAL CONTROL +THM.....43

TOTAL CONTROL.....30

TOTAL GRIFO USUARIO.....63

O nº mínimo de determinacións no grifo do consumidor que correspondería ó abastecemento de Lugo , en función da poboación abastecida sería de 46. Non obstante presupóstase un nº maior de análisis debido a que, en determinadas situacións puntuais de queixas por parte de algún usuario, faise preciso realizar

Código Seguro de verificación:FnSJUlKLMRa82qjo2nhSyA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	28/10/2014
	Manuel Enrique Chain Fernández - TA Delegado Infraestruc. e Zona Rural		
ID. FIRMA	afirma.pro	FnSJUlKLMRa82qjo2nhSyA==	PÁGINA 22/24
			
FnSJUlKLMRa82qjo2nhSyA==			

analíticas extraordinarias, e posto que a adxudicataria no seu día facturará por precios unitarios, aquelas análises que non se realicen non se facturarán.
 -Polo que respecta ás fontes públicas non conectadas á rede de abastecemento. O nº de fontes a controlar é de 75 e realizarase un control trimestral de cada unha delas; así pois o nº de controis anuais será de 300.

PARÁMETROS A DETERMINAR

-Para a auga de abastecemento público:
 Para cada tipo de análise determinaranse os parámetros establecidos na lexislación vixente (RD 140/2003 de 7 de febreiro e Programa de Vixilancia Sanitaria das augas de consumo da Xunta de Galicia), e os establecidos no seu caso pola autoridade sanitaria. O Concello de Lugo poderá, ben por iniciativa propia, por indicación da autoridade sanitaria ou por motivos de emerxencia, solicitar a inclusión de parámetros a maiores dos estipulados na normativa vixente.
 -Para as fontes públicas:
 As determinacións analíticas incluírán como mínimo os seguintes parámetros: PH, amonio, nitratos, nitritos, cloruros, conductividade, turbidez, cor, sabor, olor, bacterias coliformes, E.coli.

PRESUPOSTO MÁXIMO

Establécense os seguintes precios máximos unitarios:

-Para o control da auga de abastecemento:
 Análisis completo.....465,87 €
 Análisis de control.....32,41 €
 Análisis de control + THM.....72,92 €
 Grifo de usuario.....32,41 €
 11 Completos x 465,87 €.....5124,57 €
 30 Control x 32,41 €.....972,30 €
 43 Control+THM x 72,92 €.....3135,56 €
 63 Grifo usuario x 32,41 €.....2041,83 €

TOTAL **11274,26€ (ive non incluído)**


-Para o control das fontes públicas.
 Precio unitario.....31,13€
 31,13 €/fonte x 75 fontes/trimestre x 4 trimestres.....**9339,00 € (ive non inc.)**
COSTE TOTAL: 11274,26 € + 9339,00 € = 20613,26€ (ive non inc.)

IMPORTE	21% IVE	TOTAL
20613,26€	4328,78€	24942,04 €

PRAZO

Establécese un prazo de execución de **un ano, prorrogable por outro**. No suposto de que antes de rematar o periodo entrase en funcionamento o novo sistema de

Código Seguro de verificación:FnSJU1KLMRa82qjo2nhSyA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
 Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	28/10/2014
ID. FIRMA	afirma.pro	PÁGINA	23/24
 FnSJU1KLMRa82qjo2nhSyA==			

xestión do ciclo da auga e asumise as competencias deste contrato, éste quedaría sen efecto.

A distribución das tomas de mostras da auga de abastecemento e a realización das correspondentes analíticas realizaranse repartidas proporcionalmente ó longo do tempo, e sempre consensuada cos servizos técnicos do Concello e nos puntos establecidos por estes.

CRITERIO DE VALORACIÓN

Utilizarase como único criterio de valoración das ofertas o **prezo das análises.**”

TERCEIRO.- Aprobar o gasto de 5.153,31 euros con cargo á aplicación orzamentaria 16100.22799 do vixente Orzamento xeral de 2014 (RC 55966 e RC/69786) e comprometerse a incluír nos vindeiros orzamentos a cantidade restante ata o remate do contrato e no caso de prórroga.

CUARTO.- Aprobar a adxudicación por procedemento aberto, de acordo co disposto nos artigos 138 e 157 e seguintes do TRLCSP.

QUINTO.- Publicar o anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo así como no perfil do contratante do Concello de Lugo.

E para que así conste no expediente, coa expresa advertencia prevista no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais de que a Acta da sesión na que foi adoptado o acordo transcrito aínda non foi aprobada, e a reserva dos termos que resulten da aprobación desta, expídese esta certificación de orde do Excmo. Sr. Alcalde, don José Clemente López Orozco, coa súa sinatura e a do Ilmo. Sr. Don Manuel Enrique Chaín Fernández, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Infraestruturas e Medio Rural e Secretario en funcións da Xunta de Goberno Local.

Código Seguro de verificación:FnSJUlKLMRa82qjo2nhSyA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	28/10/2014
	Manuel Enrique Chaín Fernández - TA Delegado Infraestruc. e Zona Rural		
ID. FIRMA	afirma.pro	FnSJUlKLMRa82qjo2nhSyA==	PÁGINA 24/24

